


# ITINERANTA

FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTES  
XII EDICIÓN · PONTEVEDRA



26,27 E 28 XULLO 2023

# ESPECTÁCULOS

## \*MÉRCORES 26 DE XULLO:

"MEDITERRANEUS" – TODO ZANCOS (BADALONA)

"TROTACLOWNS" – CÍA. CIRTEANI (ZARAGOZA)

"O SON DOS TAMBORES" – LATEXO PERCUSIÓN (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

"MEXICAN PARADE" – PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES (PONTEVEDRA)

## \*XOVES 27 DE XULLO:

"WONDERWOOL" – ACTUA PRODUCCIONS (BARCELONA)

"+75" – FADUNITO (CERVERA)

"CERCLES" – TODO ZANCOS (BADALONA)

"LUMEN, GIGANTES DE LUZ" – YERA TEATRO (GRANADA)

## \*VENRES 28 DE XULLO:

"WONDERWOOL" – ACTUA PRODUCCIONS (BARCELONA)

"METAMORPHOSI" – TODO ZANCOS (BADALONA)

"ENTREMUNDOS" – PIA (PINHAL NOVO - PORTUGAL)

"LES TAMBOURS DE FEU" – DEABRU BELTZAK (BILBAO)

As rutas veñen indicadas nas últimas páxinas.


## TODO ZANCOS (BADALONA): "MEDITERRÁNEUS"



O inmenso espello azul do Mediterráneo foi durate milenios fonte de sustentación e de inspiración para decenas de civilizacións diferentes.

A riqueza de manifestacións artísticas nas culturas que se asomaron a este mar, espertou a inquietude creativa da compañía xunto coa deseñadora Paola Delbazo. Inspirado na arte surrealista de Salvador Dalí, a arquitectura modernista de Antonio Gaudí e as figuras da mitoloxía clásica, desenvóllese un espectáculo de expresión corporal en zancos de grande impacto visual, onde se funden o teatro do absurdo co circo contemporáneo e a arte do teatro de rúa.

# CÍA. CIRTEANI (ZARAGOZA): "TROTACLOWNS"



Chegados dos anos 30 cal personaxes de cinema mudo, estes dous ocurrentes fotógrafos viaxeiros veñen a inmortalizar a foto familiar máis peculiar de cada cidade. Os Trotaclovnos viaxan no seu impecable vehículo de época para entre sorpresas e imprevistos, acabar na praza e facer a foto de familia. Pero este dúo enrédase con facilidade; un baile íntimo, unha explosión no motor, un enfoque fotográfico complicado...e como non, algo de amor a toda cor. Humor, acción e moitas risas é o que nos propoñen estes dous artistas da fotografía antiga, que a contra natura da era na que vivimos, veñen lembrarnos que as cousas ben feitas levan o seu tempo, neste caso facer unha soa foto en toda unha hora de intenso espectáculo.

# LATEXO PERCUSIÓN (SANTIAGO DE COMPOSTELA): "O SON DOS TAMBORES"



LATEXO é son. LATEXO é movementa. LATEXO é unha explosión de ritmo e enerxía. O espectáculo de Latexo combina o visual da danza cos arranxos musicais baseados na tradición dos blocos afro de Salvador de Bahía. Latexo aporta a súa propia visión do estilo, matizándoo a través de influencias que van dende a percusión mandinga ou a música galega ata a percusión contemporánea.

Latexando ao unísono.

# PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES (PONTEVEDRA) : "MEXICAN PARADE"



Descubre a beleza da cultura mexicana. Acompáñanos nunha viaxe máxica e chea de cor na mellor celebración do Día de Mortos. Celebramos a vida!!

# ACTUA PRODUCCIONS (BARCELONA): "WONDERWOOL"



WONDERWOOL é un espectáculo de rúa onde dous gatos travessos percorren as rúas e prazas da cidade creando divertidas e insólitas situacións co público. Estes dous gatos son expertos en poñer patas arriba toda a cidade cando aparecen en escena!

## FADUNITO (CERVERA):

"+75"



Teñen máis de 75 anos, saíron do xeriátrico para pasear pola rúa uns personaxes sorprendentes, divertidos, fráxiles... que nos descubrirán as dificultades coas que, día a día, deben de convivir as persoas maiores das nosas cidades. Un espectáculo de rúa, itinerante e de interacción co público, que pon en evidencia os problemas de accesibilidade dos nosos espazos públicos e do ritmo frenético da nosa Sociedade.



# TODO ZANCOS (BADALONA): "CERCLES"



Cal é o punto de partida? Chegamos a un final? Por que repetimos os nosos acertos e erros? Sentiches un "deja vú"! A concepción do sentido circular da existencia ábrenos a posibilidade de ser observadores das nosas accións, comportamentos e relacións. En CERCLES os personaxes levan ao extremo o seu carácter, resultando accións teatrais repetitivas e poéticas, comportamentos absurdos e traxicómicos. Un espello das nosas accións e contradicións, un reflexo da nosa condición humana.

# YERA TEATRO (GRANADA): "LUMEN, GIGANTES DE LUZ"



Pasarrúas nocturno, no que diversos monicreques xigantes desprázanse de xeito coreográfico ao son da música. A luz é o outro recurso sobre o que xira esta proposta escénica. Un espectáculo no que a enerxía e o movemento son base da comunicación co público.

# TODO ZANCOS (BADALONA): "METAMORPHOSI"



Un mundo distópico, quizais non tan afastado, no que personaxes sofren diferentes estadios de transformación entre humano, insecto e máquina. Esta metamorfose desencadéase repentinamente xerando nos personaxes desconcerto e contradicións para evitar un proceso que parece non ter retorno. No seu percorrido descubren estes cambios e a súa contorna, retroaliméntanse mutuamente co desexo de tentar recuperar sentimentos, sensacións e relacións humanas que recobran unha importancia e significado vital. Será demasiado tarde?

# PIA (PINHAL NOVO - PORTUGAL): "ENTREMUNDOS"



Nunha dimensión entre vivos e mortos, un espazo entre o purgatorio e o limbo, onde se inicia unha viaxe por un universo imaxinario inspirado na Morte, unha das grandes cuestións da humanidade, culpable de estimular a imaxinación do home na creación de universos paralelos unificando aos vivos baixo un mesmo fin, onde na súa imparcialidade, disólvense o real e a ficción, a perda das certezas da realidade e o encontro entre a semellanza e a diferenza.

# DEABRU BELTZAK (BILBAO): "LES TAMBOURS DE FEU" \*




Aker o díaño do akelarre deambula polas rúas. El e o seu séquito de percusionistas percorren vilas e cidades. Un espectáculo de música en directo, pirotecnia e grandes efectos especiais. Cunha man nun tambor e a outra na provocación, xorde a proposta de Deabru Beltzak.....


\* Espectáculo Pirotécnico:  
(non recomendado a colectivos vulnerables a efectos de son e luz)





# HORARIOS E RUTAS:

## \*MÉRCORES 26. XULLO:

 RUTA D - 20:00 h: Todo Zancos - "Mediterraneus"


 RUTA D - 20:45 h: Cía Cirteani - "Trotaclowns"


 RUTA C - 21:30 h: Latexo Percusión - "O Son dos Tambores"


 RUTA A - 22:00 h: Pablo Méndez Performances - "Mexican Parade"

## \*XOVES 27. XULLO:

A ver se os atopas... - 20:00- 23:00 h: Actua Produccions - "Wonderwool"


 RUTA D - 20:45 h: Fadunito - "+75"


 RUTA B - 21:30 h: Todo Zancos - "Cercles"


 RUTA A - 22:00 h: Yera Teatro - "Lumen, Gigantes de Luz"

## \*VENRES 28. XULLO:

A ver se os atopas... - 20:00- 23:00 h: Actua Produccions - "Wonderwool"

 RUTA B - 20:30 h: Todo Zancos - "Metamorphosi"

 RUTA A2 - 21:15 h: Pia - "entreMundos"

 RUTA B2 - 22:15 h: Deabru Beltzak - "Les Tambours de Feu"

**ROUTE A** **ROUTE A2**



**MONTE RÍOS**



**PRAZA ESPAÑA**



**PEREGRINA**



**FERRERÍA**





**ROTA B** →

**ROTA B2** →

**BENITO CORBAL**



**PEREGRINA**



**FERRERÍA**



**PRAZA CURROS ENRÍQUEZ**



**CASINO**



**PRAZA ESPAÑA**



# ROTA C

TEATRO



TEURO



PRAZA DAS CINCO RÚAS



MÉNDEZ NÚÑEZ



PRAZA DA VERDEIRA



# RUTA D

AVDA SANTA MARÍA



CASINO



PRAZA CURROS ENRIQUEZ



# ITINERANTA

FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTE  
XII EDICIÓN · PONTEVEDRA

TODO ZANCOS (Badalona)

CÍA. CIRTEANI (Zaragoza)

LATEXO PERCUSIÓN (Santiago de Compostela)

PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES (Pontevedra)

ACTUA PRODUCCIONS (Barcelona)

FADUNITO (Cervera)

YERA TEATRO (Granada)

PIA (Pinhal Novo - Portugal)

DEABRU BELTZAK (Bilbao)

WWW.ITINERANTA.COM

Comissariats

Comissariats



Concello  
de Pontevedra